



Centro: **I.E.S. LAMAS DE ABADE** Curso: **2013-2014**

Departamento: **LINGUA E LITERATURA**

Avaliación: **FINAL** Data: **/6/2014**

Nivel: **E.S.O.** Grupo: **3º B**

Alumno/Alumna:

Nota:



## INSTRUCCIÓN:

0.- Os teléfonos móbiles deben permanecer apagados durante a proba. De non facelo, a nota da avaliación será negativa.

1.- Traballa en silencio e non molestes aos compañeiros e compañeiras.

2.- Dispós de 50 minutos para realizar esta proba. Controla e reparte o tempo.

3.- Indica o tempo dedicado a preparar este control:

4.- Antes de comezar a escribir le detidamente as cuestións, cavila sobre elas e logo empeza a contestar tendo en conta sempre as normas de presentación.

5.- Tes tres preguntas de teoría, cada unha vale un punto.

6.- Tes seis preguntas de práctica, cada unha vale un punto, agás a número seis que valen dous.

7.- Se tes algunha dúbida ergue a man e agarda en silencio a que o profesor se achegue.

8.- Cando remates, indica o tempo que che levou facer esta proba:

Ademais dos contidos tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

**Moi graves:** Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

**Graves:** Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

**Leves:** Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego do 2003*.

TEORIA:

**1.- As raíces da lingua: influencias do substrato.**

**2.- O infinitivo persoal: usos.**

**3.- Os períodos do Rexurdimento: período precursor.**

## PRÁCTICA:

### 1.- Conxuga o infinitivo cando sexa posible e indica a norma.

- 1 *Vimos aterrar os avións dende aquí.*
- 2 *Para dicir iso érase mellor quedar calado.*
- 3 *Esta noite decidimos preparar unha cea especial.*
- 4 *Ao chegar os visitantes á vila, o alcalde pronunciou un fermoso discurso.*
- 5 *Estar ti alí, resultou decisivo.*

### 2.- Usa *te / che* no lugar axeitado.

- 1 Cando ... deron ..... a boa nova?
- 2 ..... quero.. . , aínda que . ... pareza .... .. mentira.
- 3 ..... pido. .. . , por favor, que non llo contes a ninguén.
- 4 Non .. . pediron .. . . . . a fotocopia porque non se precisa.
- 5 ... Vin . . na festa pero non .... decataches.

### 3.- sinala o xénero das seguintes palabras (masc. ou fem.)

palabra	xénero	palabra	xénero	palabra	xénero	palabra	xénero
Leite		Cárcere		Aula		sal	
Mel		Paisaxe		Ponte		traxe	
Aguia		Cume		Dor		mar	
Viaxe		pantasma		árbore		análise	
dote		diadema		legume		nada	

### 4.- Pasa a plural

Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
lei		Tabú		Arroz		Azul	
túnel		Val		Deus		Álbum	
cartafol		Tonel		Dólar		Fax	
lapis		Dátil		Funil		Iceberg	
tornasol		taxi		rubí		luz	

### 5.-Analiza as seguintes oracións segundo o modelo e especifica a súa clase.

Exemplo Miña irmá comeu unha tortilla no restaurante. Oración predicativa, activa e transitiva.  
Suxeito Núcleo OD CCL

Os participantes foron convocados por correo electrónico.

A xente falaba de Xacobe con moito entusiasmo.

Afonso deixou suavemente o fillo no berce.

Os xogadores de baloncesto acabaron o partido moi cansos.

Os estudantes estaban preocupados pola dificultade dos exames.

**6.- Fai un monólogo teatral, de 200 palabras como mínimo, co seguinte tema: É o día 19 de xuño, está anoitecendo e mañá irás ao instituto para recoller as notas, estás inquedo, recordas todo o que pasou ao longo do curso, pensar nas vacacións, nos amigos...**